<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
7	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.	TI	100
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.

Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Latín de 4.º de ESO debe, por unha banda, continuar a afondar na tradición clásica e ser, en certa medida, unha continuación da materia de Cultura Clásica para o alumnado que a cursase en 3.º de ESO, ou, no caso de que se cursen paralelamente ambas as dúas en 4.º, seren complementarias. Para o alumnado que non a cursou nin cursa, é o único achegamento á tradición clásica.

As unidades didácticas, desde a UD2 á UD5, funcionan coma un bloque. O traballo coa gramática e coa tradución será o tradicional: a profesora fará unha primeira exposición inicial dos contidos, e a continuación o alumnado terá que realizar unha serie de exercicios e actividades para aprendelos, fixar os coñecementos e poñelos en prácticas á vez que os anteriores. De forma paralela ao aprendizaxe dos contidos gramaticais, traballarase a tradución a través de oracións simples, pero de dificultade progresiva posto que os contidos anteriores se seguen a traballar. Na clase, as correccións e as explicacións se farán a nivel grupo-aula, fomentando a participación, a exposición das opinións sen menosprezo dos erros, e xustificando sempre as nosas decisións.

A UD1, coma todas, traballarase ao longo do curso, de xeito específico en determinadas sesións, onde a profesora explicará os principais cambios fonéticos, os latinismos, etc. e o alumnado terá que facer as actividades correspondentes. Ten a súa dimensión práctica, no sentido de que é a UD que o alumnado pode levar á súa vida cotidiá de forma máis directa, empregando latinismos, vocabulario novo, inferindo novos significados noutras materias a partir dos étimos latinos, reflexinando sobre linguas do ensino, como o galego e o castelán, pero tamén o inglés ou francés.

A UD 6 terá un dobre desenvolvemento. A parte de coñecemento histórico será tratado en clase, con exposicións maxistras por parte da profesora, que traerá o material pertinente: mapas, textos históricos orixinais, etc. Esta parte será obxecto de exame. A parte dedicada á sociedade en xeral, ó legado romano e a pegada da romanización na nosa sociedade será traballada a través de exposicións, investigacións, ou outras actividades do propio alumnado.

A UD7 terá un desenvolvemento eminentemente práctico coa lectura de textos orixinais romanos, as súas traducións, adaptacións de ser necesario, ou calquera outro libro que trate sobre a Roma antiga, especialmente sobre temas sociais, literarios ou artísticos. Esta lectura, preferentemente, terá lugar na propia aula. De non ser posible, ou como consecuencia doutros aspectos didácticos, o alumnado fará a lectura en casa e fará unha exposición posterior na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
MATERIAIS
- Neste curso non empregaremos libro de texto específico: a profesora proporcionará os apuntes ou as fotocopias necesarias, de ser o caso.
- Dicionario latín-galego en liña da editorial Rinoceronte: https://rinodicionarios.com/latin-galego
- Libros de lectura: Roma, un día hace 2000 años, de Germán Moldes; O infinito nun xunco, de Irene Vallejo; adaptacións de textos clásicos; etc
RECURSOS
- A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de Teatro Grecolatino de Lugo

- Ordenador e proxector
- Outros libros de lectura
- Libros de texto para cuestións puntuais
- Outros dicionarios ou léxicos en papel ou en liña
- Prensa
- Enderezo electrónico, acceso a Internet; páxinas web de museos ou outras institucións pertinentes
- Materiais audiovisuais: películas, vídeos, música

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- 1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
- 2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
- 3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- 4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- 5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- 6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a docente elaborará un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. Ademais, o diálogo informal na aula axudará a coñecer a información máis salientable en canto á situación de partida do alumnado. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	5	10	20	30	10	100
Proba escrita	65	65	65	65	65	50	0	54
Táboa de indicadores	35	35	35	35	35	50	100	46

Criterios de cualificación:

En todas as avaliacións traballarase as sete UD que conforman a programación didáctica. A distribución da cualificación de cada avaliación e da avaliación final en funcións dos instrumentos empregados é a seguinte: 55% probas escritas, 45% táboas de indicadores.

A distribución da cualificación de cada avaliación e da avaliación final ven dada, asemesmo, a través do peso das unidades, de forma que o reparto é o seguinte:

- UD1: 15% da cualificación
- UD2 a UD5: 45% da cualificación
- UD6: 30% da cualificación
- UD7: 10% da cualificación

As probas escritas das UD1 e UD2-UD5 terán lugar na mesma sesión lectiva. Serán dúas probas en cada avaliación e terán o mesmo peso de cara a averiguar a nota da avaliación.

A proba escrita para a UD6, unha ou dúas en cada avaliación, levarase a cabo en sesións lectivas diferentes ás anteriores.

En calquera caso, a data da realización de todas as probas escritas, exposicións, entrega de traballos, etc. será acordada entre a profesora e o alumnado a prol do beneficio do conxunto da clase.

CUALIFICACIÓN FINAL

Cada avaliación terá un peso diferente de cara a calcular a cualificación final:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

1. REDONDEO: As medias resultado de fórmulas serán redondeadas a un máximo de dous decimais, e por aproximación ao decimal superior. Por exemplo: 3,8745 pasará a 3,88.

O redondeo da media final da cualificación de avaliación para poñer no boletín farase por aproximación ao enteiro máis próximo. Por exemplo, 6,49 será redondeado en 6 e 6,51 será redondeado en 7. Mais hai que ter presente que a cualificación a ter en conta para a cualificación final será a real e non a redondeada que aparecerá no boletín.

2. XUÑO: Na primeira semana de xuño, o alumnado recibirá unha nota provisional da materia. As seguintes semanas lectivas, o alumnado que non teña que recuperar a materia e que desexa subir a nota ata 1 punto, realizará un proxecto de investigación que compendie os contidos traballados ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

En cada avaliación farase unha recuperación da avaliación anterior para o alumnado que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Agora ben, en cada avaliación repítense os contidos lingüísticos da avaliación anterior, polo que se o suspenso da materia provén de forma clara e evidente destas UD, o aprobado da seguinte avaliación conlevaría a recuperación da anterior e non sería necesario un exame propio de recuperación.

En todo caso, cada alumno recibirá un informe explicando a súa situación particular para proceder a realizar dita recuperación ou esperar a aprobar a seguinte.

XUÑO: No caso de que un alumno ou alumna non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallan os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste curso, o número de alumnos de Latín é pequeno (6 persoas), polo que as clases permiten observar moi ben o traballo, habilidades ou dificultades do alumnado. A atención pode ser moi individualizada.

De maneira xeral, e no caso de que se incorpore novo alumnado, realizada a avaliación inícia (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade necesarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención á diversidade máis específicas poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

Se houberse alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X					X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.					X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.						X	X
ET.8 - A creatividade.	X				X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD6, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e/ou dunha comedia romana.		X	
Ludi Compostellani	Diferentes actividades relacionadas coa cultura clásica organizadas pola SEEC-Galicia: xogos, obradoiros, espectáculos...		X	X
Concurso en liña Odisea	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola SEEC		X	

Observacións:

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimiento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.
- Ludi compostellani. Obradoiros e actividades de recreación do mundo clásico. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido e práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, etc.
- Concurso con dúas fases: na primeira fase, compítase a nivel galego, respondendo a preguntas en liña desde o propio centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a revisará con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. Nos grupos pequenos, como é o caso, normalmente é doado ter unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é un aspecto que pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final do curso. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación coas principais dificultades, incidencias, ou, en xeral, características do grupo que condicionan o seguimento literal da programación e, en consecuencia, conlevan algunha modificación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados